



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE A UNIÓN DE FEDERACIÓNS DEPORTIVAS GALEGAS PARA A POSTA EN MARCHA DUNHA CAMPAÑA DE FORMACIÓN E ASESORAMENTO ÁS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS E CLUBS DEPORTIVOS GALEGOS

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2019

REÚNENSE:

Dunha parte, **D. José Ramón Lete Lasa**, secretario xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, no uso das competencias desconcentradas nos secretarios xerais dependentes da Presidencia, en virtude da disposición adicional segunda do Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

Doutra parte, **D. Rafael Louzán Abal**, con DNI número 35451643 H presidente da Unión de Federacións Deportivas Galegas (UFEDEGA), con CIF G-27378272 que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 18 dos seus Estatutos e de acordo co seu nomeamento con data 15 de febreiro de 2019.

As partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos e coa representación competencial que posúen recoñécense capacidade plena para se obrigaren nos termos deste convenio,

EXPOÑEN:

Primeiro.-Conforme ao establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma galega asume a competencia exclusiva na materia da promoción do deporte (artigo 27.22), correspondéndolle á Secretaría Xeral para o Deporte as competencias de elaboración, proposta e execución da política do goberno galego en materia de deportes, conforme ao establecido no artigo 5 do Decreto





76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

Segundo.-A Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, regula no seu artigo 51.1 as federacións deportivas galegas, configurándose estas como entidades privadas sen ánimo de lucro con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, cuxo ámbito de actuación se estende ao territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

O artigo 5, no seu apartado j), outórgalle á Administración da Comunidade Autónoma de Galicia a competencia de coordinar e tutelar ás federacións deportivas galegas no exercicio das funcións públicas que teñen delegadas, e elo sen menoscabo da súa actividade privada.

Terceiro.- A Unión de Federacións Deportivas Galegas (UFEDEGA) constitúese como unha Asociación sen ánimo de lucro, de carácter privado, ao amparo do artigo 22 da Constitución Española e da Lei Orgánica 1/2022, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación. A UFEDEGA ten como fins, entre outros, o de promover, defender e representar o deporte federado galego; defender os intereses comúns das Federacións Deportivas Galegas asociadas; establecer as estruturas administrativas ou de asistencia técnica ás Federacións Deportivas de Galicia, e exercer de canle entre elas; asesorar e colaborar coas institucións públicas e privadas de todo tipo, no referente ao deporte federado galego en xeral, e o seu desenvolvemento e mellora; propoñer cantas iniciativas sexan necesarias para unha mellor política deportiva galega.

Para cumprimento destes fins, a UFEDEGA realiza, entre outras, actividades de asesoramento ás Federacións Deportivas Galegas; colaboración coas distintas administracións públicas competentes en materia deportiva; xuntanzas, cursos, simposios, foros, debates encontros en relación co deporte.

Cuarto.-Que a Secretaría Xeral para o Deporte ten entre os seus obxectivos prioritarios contribuír a unha mellor especialización e formación das federacións deportivas galegas co obxectivo de garantir o cumprimento efectivo das funcións públicas que teñen atribuídas, contribuíndo como obxectivo primordial á promoción do deporte en toda a sociedade, en particular á promoción do deporte de competición e de alto nivel en colaboración coas federacións deportivas, e promover, ordenar e





organizar o deporte en idade escolar, así como establecer, entre outras, unha política activa de protección da saúde do deportista.

Quinto.- Que as partes consideran esencial manter e intensificar a súa colaboración xa que, como resultado do desenvolvemento deste proxecto conseguirase:

- Unha mellor especialización e formación das federacións deportivas galegas co obxectivo de garantir o cumprimento efectivo das funcións públicas que teñen atribuídas.
- Promoción do deporte en toda a sociedade, en particular en idade escolar.
- Promoción do deporte de competición e de alto nivel en colaboración coas federacións deportivas.
- Unha política activa de protección da saúde do deportista.

A UFEDEGA, dispón da análise necesaria sobre as estruturas e necesidades de asistencia técnicas ás Federacións Deportivas de Galicia, así como se constitúe no canle oficialmente recoñecido en representación da maior parte de Federacións Deportivas.

Asemade, segundo o disposto no artigo 51 da Lei do Deporte de Galicia, nas federacións intégranse os clubs, seccións deportivas, deportistas, técnicos, xuíces, árbitros e outros colectivos interesados estatutariamente establecidos, co obxectivo de promover, practicar e, en xeral, contribuír ao desenvolvemento dunha mesma modalidade ou especialidade deportiva. Deste xeito, a UFEDEGA, na súa condición de asociación das federacións deportivas de Galicia, constitúe o único canle oficialmente recoñecido con relación aos clubs deportivos galegos das distintas modalidades deportivas.

Por todo isto, as partes comparecentes acordan asinar un convenio de colaboración para a posta en marcha dunha campaña de formación e asesoramento ás federacións e clubs deportivos galegos, consonte as seguintes





ESTIPULACIÓN:

Primeira. Obxecto do convenio

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a UFEDEGA para a realización dunha campaña de formación e asesoramento das federacións deportivas galegas e clubs deportivos galegos.

As partes asinantes colaborarán coas seguintes accións:

- Deseño e elaboración dos contidos dos distintos programas formativos.
- Formación sobre a prevención de lesións, principalmente dirixido a deportistas en idade escolar.
- Formación sobre aspectos legais (fiscais e laborais), dirixido a directivos das Federacións deportivas.
- Formación sobre Redes Sociais, consellos para facer un uso responsable das redes.
- Asesoramento ás federacións deportivas galegas sobre aspectos relacionados coas funcións públicas que teñen delegadas.

Segunda. Responsabilidade do proxecto e tarefas das partes asinantes

1) A Secretaría Xeral para o Deporte e a UFEDEGA realizarán as actuacións necesarias para desenvolver as actividades obxecto do convenio, nun proceso de colaboración continuo. As dúas entidades como coorganizadoras, terán unha participación activa e esencial no desenvolvemento do proxecto e compartirán a titularidade e o uso dos materiais que se realicen ao abeiro deste convenio.

2) As entidades que participan no proxecto, cada unha no seu ámbito de actuación, dispón de persoal para garantir a consecución dos obxectivos de interese público perseguidos. Se fose necesario contratar medios humanos, técnicos ou materiais complementarios para o axeitado desenvolvemento dos traballos obxecto do convenio,





a devandita contratación realizarase de acordo coa normativa específica que resulte de aplicación.

As tarefas concretas de cada unha das partes asinantes serán as seguintes:

A UFEDEGA

Asume as tarefas de coordinación xeral, sede operativa do proxecto e xestión das actuacións formativas.

Desenvolverá, entre outras, as seguintes tarefas:

1. Deseño e elaboración dos programas formativos sobre aspectos legais (fiscais e laborais), Redes Sociais e funcións públicas que teñen delegadas as Federacións Deportivas.

2. Desenvolvemento das seguintes actuacións formativas:

Formación sobre a prevención de lesións, principalmente dirixido a deportistas en idade escolar (catro accións formativas)
Formación sobre aspectos legais (fiscais e laborais), dirixido a directivos das Federacións deportivas (dúas accións formativas)
Formación sobre Redes Sociais, consellos para facer un uso responsable das redes, dirixido a clubs (dúas accións formativas)
Asesoramento ás federacións deportivas galegas sobre aspectos relacionados coas funcións públicas que teñen delegadas (dúas xornadas)

3. Deseño gráfico, maquetación e publicación do material dos módulos formativos.

4. Contacto permanente coas Federacións Deportivas e Clubs deportivos participantes no proxecto.





A Secretaría Xeral para o Deporte

A Secretaría Xeral acometerá as seguintes tarefas:

1. Establecerá os criterios xerais para o deseño e elaboración dos programas formativos.
2. Deseño e elaboración dos programas formativos sobre a prevención de lesións de deportistas en idade escolar.
3. Xestión dos espazos físicos, no suposto de ser necesarios, para o desenvolvemento das actuacións formativas.
4. Contribuír ao financiamento do proxecto segundo o previsto na cláusula terceira.

3) O custo máximo estimado para as accións previstas no convenio é o seguinte:

PROXECTO	IMPORTE	Desglose estimado dos custos
Deseño e elaboración dos programas formativos sobre aspectos legais (fiscais e laborais), Redes Sociais e funcións públicas que teñen delegadas as Federacións Deportivas	900€	Programa formativo sobre aspectos legais: 300€ Programa formativo sobre redes sociais: 300€ Programa formativo sobre funcións públicas delegadas: 300€
Deseño e elaboración dos programas formativos sobre a prevención de lesións de deportistas en idade escolar	3.000€	
Formación sobre a prevención de lesións, principalmente dirixido a deportistas en idade escolar (catro accións formativas)	4.400 €	Docencia/curso: 650€ Dirección /curso: 450€
Formación sobre aspectos legais (fiscais e laborais), dirixido a directivos das Federacións deportivas (dúas accións formativas)	2.200 €	Docencia/curso: 650€ Dirección /curso: 450€





Formación sobre Redes Sociais, consellos para facer un uso responsable das redes, dirixido a clubs (dúas accións formativas)	2.200 €	Docencia/curso: 650€ Dirección /curso: 450€
Asesoramento ás federacións deportivas galegas sobre aspectos relacionados coas funcións públicas que teñen delegadas (dúas xornadas)	2.200€	Docencia/curso: 700€ Dirección /curso: 400€
Deseño gráfico, maquetación e publicación do material dos módulos formativos	1.000€	-Deseño: 700€ - Maquetación: 300€
Coordinación e gastos Xerais das actuacións formativas	6.600€	- Coordinación: 3.000 - Comunicacóns: 1.000€ - Material: 600€ - Gastos xerais: 2.000€
Contacto permanente coas Federacións Deportivas e Clubs deportivos participantes no proxecto	1.000€	-Comunicacións: 300€ - Responsable: 700€
TOTAL	23.500 €	

Terceira. Financiamento do convenio

As partes asinantes do convenio, cada unha delas no seu ámbito competencial, contribuirán activamente con medios propios ao desenvolvemento do proxecto con cargo aos recursos asignados aos seus orzamentos, respectivamente.

Ademais, a Secretaría Xeral para o Deporte colaborará na realización do proxecto cunha achega de ata un máximo de **17.600,00 €** con cargo á aplicación orzamentaria **04.40.441A.640.0**, para contribuír ao pagamento dos custos da coordinación xeral do proxecto e da xestión e organización das actuacións formativas.

Cuarta. Forma de pagamento e xustificación do convenio

A documentación requirida na fase xustificativa presentárase electronicamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante,





<https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>.

Para recibir a achega económica por mor dos custos da coordinación xeral do proxecto e da xestión e organización das actuacións formativas estipulados na cláusula anterior, a UFEDEGA presentará electronicamente, coa data límite do 15 de decembro de 2019, a seguinte documentación:

- Factura dos gastos da coordinación xeral do proxecto e da xestión e organización das actuacións formativas.
- Unha memoria na que se fará constar de forma detallada as actuacións realizadas.
- Certificado acreditativo da titularidade da conta bancaria.

Antes de proceder á sinatura deste convenio e para o seu pagamento, a UFEDEGA deberá presentar:

- Un certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda.
- Un certificado de estar ao día das obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Economía e Facenda.
- Un certificado de estar ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

A sinatura deste convenio comportará a autorización á Secretaría Xeral para o Deporte para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

A UFEDEGA facilitará toda a información que lle requira a Secretaría Xeral para o Deporte, así como a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, a Intervención



Xeral do Parlamento, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Quinta. Propiedade dos manuais e programas formativos

1) A propiedade dos manuais e programas formativos será común das partes asinantes que, así mesmo, serán as titulares dos dereitos incorporais de propiedade intelectual de carácter patrimonial respecto do contido intelectual dos manuais e programas formativos.

2) Nas actuacións informativas e divulgativas, así como nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades da campaña formativa, farase constar nun lugar destacado a colaboración das partes asinantes e utilizaranse, en igual tamaño e consideración, os anagramas ou logos que correspondan, segundo o previsto pola normativa de identidade corporativa da Xunta de Galicia.

Sexa cal sexa o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención das outras partes e deste convenio.

Sexta. Comisión de seguimento

Crearase unha comisión de seguimento das accións obxecto do presente convenio, facultada para proporlles ás partes as resolucións de cantas dúbidas xurdan na súa execución e presidida polo Secretario Xeral para o Deporte, ou persoa na que delegue, e integrada ademais por:

- Dúas persoas representantes da Secretaría Xeral para o Deporte, nomeadas polo seu titular.
- Dúas persoas representantes da UFEDEGA, nomeadas polo seu Presidente.

A comisión de seguimento manterá reunións periódicas de coordinación, seguimento e control das actividades realizadas e xestionará calquera modificación que xurda no desenvolvemento do proxecto nun proceso de colaboración mutua entre as partes





asinantes. Ás reunións da comisión asistirán os seus membros ou as persoas en quen deleguen.

A comisión poderá adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias para asegurar o cumprimento do obxecto do presente convenio. Os acordos da comisión serán inmediatamente executivos.

Sétima. Vixencia

Este convenio entrará en vigor o mesmo día da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro do ano 2019, agás que sexa denunciado por escrito por algunha das partes asinantes polo incumprimento dos compromisos que nel se recollen, cun mes de antelación polo menos.

Antes da finalización do prazo de vixencia, os asinantes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por períodos anuais ata un máximo de catro anos. Na referida addenda estableceranse as obrigas concretas das partes asinantes.

Oitava. Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro (BOE 10-12-2013), de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia

Novena. Modificación.

As causas polas que se pode modificar o presente convenio son:

1.-Por acordo unánime dos asinantes.

2.-De acordo co artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade e sustentabilidade financeira.





Décima. Causas de resolución

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

2. Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado á Comisión de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte asinante a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.

- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Décimo primeira. Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados

a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas e, polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as



entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público. Neste punto e conforme a disposición adicional quinta da Lei 39/2015, o Parlamento rexerase polo previsto na súa normativa específica, no marco dos principios que inspiran a actuación administrativa de acordo coa citada lei.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo segunda. Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Doutra banda, aínda que é un dos negocios xurídicos excluídos do ámbito de aplicación Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, segundo especifica o seu artigo 6, ao non previsto aplicaráselle os principios recollidos na citada lei, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse.

Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos que puideran derivarse da aplicación do presente convenio deberán resolverse pola Comisión de Seguimento á que se refire a cláusula quinta do presente Convenio.





XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

Rúa Madrid 2-4, 2º, Fontiñas
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tfno.: 881 996 342/43 - Fax: 881 996 346
E-mail: secretaria.deporte@xunta.gal



Se non se puidese acadar o dito acordo, as posibles cuestións litixiosas serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

Ao estaren as partes conformes co pactado, asínanse sete copias deste convenio.

O secretario xeral para o Deporte

O Presidente da UFEDEGA

José Ramón Lete Lasa

Rafael Louzán Abal